

# FESTIVAL DE NATACIÓN MÁSTER DE ESTILOS

Tempada 2017/18. Circular 17-25-A.

## 1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Festival de Natación Máster de Estilos celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación máster para a presente tempada.

1.2.- A competición desenvolverse nunha soa sesión que dará comezo ás 10:00 horas.

1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

## 2.- Programa de probas

Festival de Estilos	
1.- 400 Estilos Feminino	
2.- 400 Estilos Masculino	
3.- 200 Estilos Feminino	
4.- 200 Estilos Masculino	
5.- 100 Estilos Feminino	
6.- 100 Estilos Masculino	

## 3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1998-1994)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1953-1949)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1993-1989)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1948-1944)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1988-1984)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1943-1939)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1983-1979)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1938-1934)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1978-1974)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1933-1929)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1973-1969)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1928-1924)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1968-1964)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1923-1919)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1963-1959)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1918 e anteriores)
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1958-1954)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro de do último ano da tempada en vigor.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

3.3.- Os deportistas de clubs de fora da Comunidade Galega terán que aboar 25 euros por tempada, en concepto de cota de participación nas competicións da FEGAN. Os deportistas deberán ter tramitada a licenza na súa comunidade de procedencia.

3.4.- Cada nadador poderá participar nas tres (3) probas

3.5.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por clube e proba.



## 4. Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do mércores da semana previa á competición (11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas.

4.4.- O mércores anterior á competición estarán publicadas na web da FEGAN as listaxes de inscritos por proba.

## 5. Formula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

## 6.- Premios

6.1.- Premio ao mellor clasificado absoluto masculino e á mellor clasificada absoluta feminina de cada proba de acordo coa puntuación da fórmula puntos FINA Máster (RFEN). Os premios entregaranse ao final da competición ou na seguinte proba do calendario.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN